



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028

E-mail: [concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net)  
[www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)

CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

### RESOLUCIÓN NÚM. 592/2015, DO 31 DE DECEMBRO, DE CONTRATACIÓN DE MANUEL MARTÍNEZ VENTURA E CREACIÓN DE BOLSA

#### ANTECEDENTES

1. Na Resolución núm. 546/2015, do 23 de novembro, aprobei as bases para contratar un peón-operario interino de limpeza viaria.
2. Na Resolución núm. 563/2015, do 4 de decembro, aprobei a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.
- 3 Na Resolución núm. 566/2015, do 11 de decembro, aprobei a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.
- 3 Acta da sesión do tribunal selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, unha praza de operario municipal, peón en funcións de limpeza viaria, e creación de bolsa.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Resolución núm. 546/2015, do 23 de novembro, de aprobación de bases para contratar un operario municipal peón interino en funcións de limpeza viaria, para cubrir a ITT e creación de bolsa de peóns
- Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público
- Artigos 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local
- Artigo 177 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e coa Resolución núm. 546/2015, do 23 de novembro.

Polo anterior, RESOLVO:

1 Ordenar por orde de puntuación as persoas aspirantes da lista, que quedan do seguinte xeito (en caso de empate aparecerán por orde alfabética):

- Manuel Martínez Ventura: 10.70
- Tomás Cotelo Barca: 9.80
- Jesús Centeno Blanco: 9.20
- Paula María Pombo Neira: 9
- Juan Carlos Souto Garrido: 8.90



- José Manuel Moreira Pose: 8.60
- Adrián Varela Porteiro: 8.30
  
- Antonio Joaquín Bello Lema: 8
- Rubén Rama Ordóñez: 8
- José Avelino Varela Ferreiro: 8
- Manuel Velo Cambón: 7.70
- Jesús Manuel Varela Lema: 7.50
- José Ramón García Costa: 7.45
- Juan Carlos López Suárez: 7.30
- Francisco Javier Ordóñez Ínsua: 7.15
- Ramón Amado Soutullo: 6.05
- María Alejandra Neira Medina: 6.5
- Oscar Pena Nieto: 6.3

2. Establecer como funcionamento da lista o seguinte:

“Os aspirantes aos que se oferten traballos temporais deberán manifestar a súa opción, incluso verbalmente, no prazo de 1 día natural dende a comunicación. para iso chamaráselle telefonicamente aos números que achegaron xunto coa instancia.

Se un familiar ou persoa distinta a/ao aspirante fose o que contestase á oferta telefonicamente, entenderase que será o responsable de comunicarlle a/ó seleccionado/a.

Se o/a interesada non manifesta a súa conformidade co nomeamento no prazo de 1 día natural, entenderase que renuncia ao mesmo e se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo ( neste caso da lista)

A persoa candidata chamada pasará a ocupar o último posto, previa resolución do alcalde, se non aceptara a praza ofertada ou renunciara no transcurso do seu exercicio profesional durante o período de vixencia da bolsa.

Os aspirantes seleccionados manteranse na mesma orde durante o proceso de vixencia desta Bolsa, de forma que ao finalizar cada unha das correspondentes contratacións ou nomeamentos, seguirá no mesmo orde de chamada para novos contratos ou nomeamentos. Esta orde manterase ata completar o período de 6 meses contratados, en cómputo de xornada completa ou 12 en parcial, a través desta Bolsa, sexa de xeito continuo ou ininterrompido, pasando neste caso a ocupar o último posto, agás no suposto de que se estea cubrindo unha interinidade de forma continúa ós seis meses en xornada completa ou os 12 meses en xornada parcial, que nese caso, respectarase o período completo de duración da interinidade e rematado este, pasará a ocupar o último posto.”

3. Que esa lista sexa para cubrir ausencias, baixas, vacacións e permisos e terá unha validez mínima de todo ano 2016.

4. Contratar a Manuel Martínez Ventura dende o 1 de xaneiro de 2016, de forma interina na praza de peón de limpeza viaria ocupada por María Teresa Mato García, que está de baixa, ata a incorporación da titular ao seu posto, na modalidade contractual da titular e coas súas retribucións.

Pontevedra, 31 de decembro de 2015  
O alcalde

Xosé Lois García Carballedo

